

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 31/01/2020 12:55:50
SAIDA 1439/20

[REDACTED]
[REDACTED]
[REDACTED]

Reclamante [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 167/2019**

Correo electrónico [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Vista a reclamación presentada con data do 1 de novembro de 2019, por [REDACTED] en representación da [REDACTED], e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 28 de xaneiro de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Único. [REDACTED] en representación da [REDACTED] presentou, mediante escrito que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 20 de novembro de 2019, unha reclamación, ao amparo do establecido no artigo 28 da Lei 1/2016, contra a Resolución do 15 de novembro de 2019 da Universidade de Santiago de Compostela, pola que se estima a súa solicitude de acceso á información referente a unha licenciatura en Ciencias Políticas e da Administración

O reclamante no seu escrito de recurso manifesta que a resolución é confusa e non responde á solicitude.

Segundo. Con data do 22 de novembro de 2019, déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Universidade de Santiago de Compostela para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 26 de novembro de 2019.

Terceiro. Con data do 5 de decembro de 2019 a Universidade de Santiago de Compostela contesta a petición remitindo informe, no que en síntese manifesta que con data 28 de outubro de 2019 solicítase ao [REDACTED] que comunique se consinte expresamente que

se facilite esta información, sen que transcorrido o prazo legal de 10 días se teña constancia da contestación. A petición formulada polo [REDACTED] foi admitida e resolta dentro do prazo previsto e a contestación realizase previa ponderación entre o dereito á información pública e o dereito do interesado á protección dos seus datos persoais. Considerase que a resposta foi clara e responde á solicitude formulada polo interesado, xa que se lle informa que o [REDACTED] ten acadada a titulación á que fai referencia o solicitante.

O Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT) foi creado mediante o RD 1509/2008 e nel se establece que deberán inscribirse nel os títulos universitarios de acordo co previsto no Real Decreto 1393/2007. Polo tanto, é correcto que o resultado da busca realizada polo solicitante sexa "Ningún título encontrado" ao ser a licenciatura en Ciencias Políticas y Administración Pública unha titulación anterior á entrada en vigor do RD 1393/2007.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.



Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente, a resolución da Universidade de Santiago de Compostela notificouse con data do 18 de outubro e a reclamación interpúxose o 22 do mesmo mes, polo que debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado impugna a resolución da Universidade de Santiago de Compostela, e alega como motivo de impugnación que a resolución é confusa e non responde á solicitude.

A petición da entidade interesada, consiste en coñecer si unha determinada persoa está en posesión dunha licenciatura en Ciencias Políticas e da Administración.

A normativa de Transparencia recoñece o dereito dos cidadáns a acceder a documentos ou contidos que estean en poder dunha Administración, neste caso a Universidade de Santiago de Compostela, que mediante a resolución impugnada, deu acceso á información solicitada. A Universidade, na tramitación do expediente, solicitou ao terceiro interesado que comunicase se consinte expresamente á que se facilite a información, sen obter resposta. Considerou que dado que a información foi feita pública nun portal da Transparencia, procedía conceder o dereito de acceso. Considérase neste caso adecuada a ponderación entre o dereito de acceso e o dereito do interesado á protección dos seus datos persoais. A contestación da Universidade é clara no senso de que o ██████████ ten acadada a titulación á que fai referencia o solicitante e non aparece no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT) dado que é anterior á normativa que regula este rexistro.

De acordo co anterior, ao considerar que a resolución impugnada da resposta á solicitude de información solicitada, sen que pola entidade reclamante se alegue nin acredite motivo algún que a desvirtúe, procede a desestimación da reclamación presentada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

ACORDA

Único: Desestimar a reclamación presentada por ██████████ en representación da ██████████ ██████████ ██████████ contra a Resolución do 15 de novembro de 2019 da Universidade de Santiago de Compostela, pola que se estima a súa solicitude de acceso á información referente a unha licenciatura en Ciencias Políticas e da Administración.

Contra esta resolución que poñen fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no

artigo 10.1 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2020

76706870F MARIA	Firmado digitalmente por
DOLORES FERNANDEZ	76706870F MARIA DOLORES
(R: S6500009C)	FERNANDEZ (R: S6500009C)
	Fecha: 2020.01.30 17:22:04
	+01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia